

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE MARZO DE 2017**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	6
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	8
5	TEMPERATURA	12
5.1.	Temperatura media das máximas.	12
5.2.	Temperatura media das mínimas.	13
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.	14
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2017.	18
6	PRECIPITACIÓN	19
6.1.	Precipitación acumulada mensual marzo 2017	19
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	20
6.3.	Días de chuvia en marzo de 2017	21
6.4.	Evolución da precipitación en marzo de 2017.	23
7	VENTO	24
8	RADIACIÓN SOLAR	28
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual	28
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.	29
9	RAIOS	30

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 8/06/2017



Mes caracterizado por cambios moi acusados nas situacións meteorolóxicas, resultando finalmente cálido e húmido.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de marzo estivo caracterizado por unha rápida e acusada variabilidade entre as baixas presións, con chegada de aire frío do Atlántico norte, e as altas, acompañadas de aire procedente do norte de África. En xeral, en toda a Comunidade as temperaturas estiveron por riba da media, mentres que en chuvia resultou húmido aínda que preto do rango normal, con lixeiros excesos en puntos de Pontevedra, A Coruña e metade norte de Lugo e déficits nas áreas máis continentais.

As primeiras 6 xornadas estiveron dominadas pola chegada de borrascas dende o Atlántico norte con fronte asociadas que foron deixando diferentes episodios de chuvia. Na noite do día 1 e na madrugada do 2 rexistramos o paso dunha fronte activa, repetíndose este fenómeno nas horas centrais do día 3. Esta segunda fronte arrastrou aire frío de orixe polar marítimo, deixando unha importante caída nas temperaturas e na cota de neve, aínda que a precipitación na seguinte xornada do 4 foi relativamente escasa e irregular, polo que en xeral non se acadou un espesor de neve significativo. Os días 5 e 6 chegaban novas fronteas con masas de aire máis cálidas, polo que tivemos chuvias xeneralizadas pero con temperaturas máis elevadas que na xornada anterior.

O día 7 tivemos o primeiro dos cambios bruscos do mes coa entrada do anticiclón, que foi arrastrando aire cálido procedente do norte de África. Este efecto fíxose patente nas xornadas do 8, 9 e 10 que foron 3 días de ceo despexado e temperaturas diúrnas moi elevadas para a época, superándose os 25°C nas tardes dos días 9 e 10 e de xeito puntual mesmo os 30°C en áreas da provincia de Ourense.

O segundo cambio brusco tivo lugar inmediatamente despois coa chegada nas xornadas do 11 e 12 dunha nova borrasca con aire frío, baixando a cota de neve ata os 1000 metros o día 12 e rexistrándose precipitacións en toda Galicia nesa xornada.

O día 13 foise achegando un novo anticiclón dende o Atlántico. Foi unha xornada de ventos do norte e aínda algúns chuvascos que, en xeral, non conseguiron chegar á metade sur da Comunidade.

O período entre o 14 e o 19 quedou caracterizado de novo pola situación anticiclónica. A estabilidade deixou 6 xornadas de tempo seco en toda Galicia, moi soleado polas tardes e con temperaturas elevadas, particularmente nas xornadas do 15 e 16 cando os termómetros superaron os 20°C no norte e os 25°C en moitos puntos do sur. Nas derradeiras 3 xornadas

dese período as temperaturas non foron xa tan elevadas, posto que os ventos sopraron de compoñente norte.

Esta situación mudou durante o día 20 coa chegada dun primeiro sistema frontal que na noite do 20 e na madrugada do 21 deixaba chuvias xeneralizadas. Unha segunda fronte chegaba na noite do 21 coa peculiaridade de que ademais de deixar chuvias de novo xeneralizadas achegaba unha masa de aire polar marítimo que fixo que as temperaturas descendesen bruscamente durante as primeiras horas do día 22, descendendo tamén a cota de neve que entre o mediodía do 22 e a tarde do 23 estivo no entorno dos 500 metros. Os chuvascos foron bastante xeneralizados durante esas xornadas e polo tanto tamén o foi a neve en moitos puntos do interior da Comunidade. Durante os seguintes 3 días esa cota de neve foi subindo progresivamente, pero a inestabilidade seguiu sendo a nota predominante e as chuvias seguiron acumulándose durante esas xornadas, xa cunha cota de neve máis preto dos 1000 metros de altura.

A derradeira semana do mes, entre o 27 e o 31 a meteoroloxía de Galicia estivo dominada pola presenza dunha borrasca profunda, localizada entre Terranova e Irlanda, pero que soamente collía a Galicia no límite sur de seu radio de acción. O día 27 foi quen de introducir inestabilidade, deixando algunhas precipitacións irregulares en forma de chuvasco, algo máis frecuentes no cuadrante suroeste, mentres que as xornadas do 28 e 29 a borrasca estivo algo máis apartada. Foron dúas xornadas de tempo seco e, dado que os ventos continuaron soprando de compoñente sur, as temperaturas foron elevadas. Durante o día 30 a borrasca foise de novo achegando a Galicia e un sistema frontal activo atravesou a Comunidade durante a tarde-noite. As temperaturas foron aínda elevadas nesta xornada durante as primeiras horas da tarde, pero o paso desta fronte provocou un descenso para o derradeiro día do mes no que ademais rexistramos o paso doutra fronte activa na segunda metade da tarde, acumulándose cantidades significativas de chuvia.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

As anomalías de presión en superficie (Figura 1) amosan un área na que as presións foron máis baixas do habitual no Atlántico norte, sendo as borrascas a nota predominante ao sur de Islandia e quedando Galicia nunha zona intermedia, moi preto da anomalía positiva dos Azores que colleu tamén a boa parte da Península Ibérica e Mediterráneo occidental. Na Figura 2 de anomalía de presión a 500 hPa, obsérvase un patrón algo diferente, coas anomalías positivas de presión moi marcadas no continente europeo e as baixas presións moi lonxe de Galicia. Esta configuración explica o comportamento case extremo este mes, xa que partindo dunha anomalía practicamente nula, o feito de quedaren tan preto dos valores positivos e negativos fixo que o mes oscilase entre valores extremos de precipitación polo achegamento das borrascas do Atlántico norte acompañadas de aire moi frío, con días secos e estables e de temperaturas moi cálidas.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa. marzo de 2017




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.

4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	MARZO 2017 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.2/12.9	12.3	15.0 (1997)	9.2 (1971)
Tª mínima media	10.1/9.6	9.2	11.2 (1957)	6.3 (1971)
Tª mínima absoluta	4.7/4.1 (día 22)	0.6 (01/03/1993)		
Tª mínima máis alta	14.4/13.9 (día 29)	17.0 (10/03/1981)		
Tª máxima media	16.3/16.3	15.4	19.4 (1997)	12.0 (1971)
Tª máxima absoluta	28.1/27.6 (día 10)	28.2 (29/03/1965)		
Tª máxima máis baixa	10.3/9.6 (día 22)	6.4 (07/03/1971)		
Precipitación acumulada	123	50-80	262 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	15	12	26 (2001)	0 (1997)

Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas mínimas e medias, mentres que resultou moi cálido para as máximas.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais para esta variable, cualificándose o mes como moi húmido. Isto tamén se reflicte no número de días de chuvia

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2017 Temperatura: 1948-2017

SANTIAGO

	MARZO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.5	11.3	14.7 (1997)	9.1 (1984)
Tª mínima media	7.4	6.5	9.1 (2001)	4.1 (1984)
Tª mínima absoluta	1.2 (día 23)	-4.2 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	11.6 (día 29)	13.8 (26/03/2006)		
Tª máxima media	15.6	16.0	22.1 (1997)	13.4 (2016)
Tª máxima absoluta	25.2 (día 10)	28.6 (24/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	7.9 (día 22)	5.6 (01/03/1993)		
Precipitación acumulada	172	96-151	637 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	16	13	29 (2001)	0 (1997)

Comentario: Mes normal tendo en conta as temperaturas máximas e medias, mentres que resultou moi cálido para as mínimas.

A precipitación rexistrada é superior ao rango de valores normais, polo que o mes se considera húmido. O número de días de chuvia tamén é superior ao agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2017. Temperatura: 1982-2017



LUGO

	MARZO 2017	VALORES CLIMÁTICOS *	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	10.1	9.5	12.6 (1997)	6.1 (1984)
Tª mínima media	4.6	4.0	6.9 (2001)	1.4 (1971)
Tª mínima absoluta	-0.5 (día 25)	-8.4 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	9.9 (día 2)	16.0 (10/03/1981)		
Tª máxima media	15.6	14.9	21.9 (1997)	9.5 (1970)
Tª máxima absoluta	27.1 (día 10)	27.7 (23/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	6.2 (día 22)	4.0 (01/03/1993)		
Precipitación acumulada	93	48-81	277 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	13	11	26 (2001)	0 (1997)

Comentario: Mes cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais polo que o mes considérase húmido tamén nesta localidade. O número de días de chuvia é tamén superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2017. Temperatura: 1981-2017

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	MARZO 2017	VALORES CLIMÁTICOS *	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	13.1	12	14.5 (1997)	8.9 (1970)
Tª mínima media	8.3	6.6	9.3 (2001)	3.4 (1970)
Tª mínima absoluta	1.9 (día 23)	-3.5 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	12.2 (día 2)	15.0 (31/03/1965)		
Tª máxima media	17.9	17.4	22.6 (1997)	13.6 (1975)
Tª máxima absoluta	25.5 (día 10)	28.9 (23/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	10.2 (día 23)	8.6 (19/03/1980)		
Precipitación acumulada	140	87-131	571 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	15	12	29 (2001)	0 (1997)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas medias e mínimas, mentres que para as máximas o mes resultou cálido.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase húmido. O número de días de chuvia tamén foi superior ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2017. Temperatura: 1958-2017



OURENSE

	MARZO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	12.2	11.9	14.8 (1997)	8.5 (1984)
Tª mínima media	5.4	5	9.3 (2001)	1.0 (1973)
Tª mínima absoluta	1.2 (día 25)	-6.8 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	10.6 (día 2)	15.0 (10/03/1981)		
Tª máxima media	18.9	18.7	25.4 (1997)	13.6 (1975)
Tª máxima absoluta	30.3 (día 10)	30.6 (23/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	9.5 (día 22)	5.6 (13/03/1984)		
Precipitación acumulada	53	38-50	298 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	9	9	26 (2001)	0 (1997)

Comentario: Mes cálido para as mínimas, mentres que para as medias e as máximas, o mes resultou lixeiramente cálido.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase húmido, pero moi próximo á normalidade. O número de días de chuvia é igual o valor climático agardado.

** Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2017. Temperatura: 1972-2017*

5 TEMPERATURA

As temperaturas foron moi cambiantes durante todo mes, con valores moi elevados na parte central do mesmo, superándose nalgúns momentos os 30°C no interior o día 10. Pero estas anomalías víronse en parte canceladas por algúns episodios de frío intenso, particularmente nas xornadas do 22, 23 e 24 de marzo, onde se acadaron valores inferiores aos -5°C en puntos da provincia de Ourense. De tódolos xeitos a media estivo en xeral lixeiramente por riba da media climatolóxica.

5.1. Temperatura media das máximas.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de marzo para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 14.6 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na zona de Pena Trevinca e Cabeza de Manzaneda, con valores entorno aos 6.5 °C e os valores máis altos (próximos aos 20 °C) rexistráronse, principalmente no curso do Río Miño, na provincia ourensá.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de marzo de 2017.



5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de marzo para o territorio galego foi de 5.2 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados en Pena Trevinca, Cabeza de Manzaneda, e Calvos de Randín (entorno aos 0 °C) e os máis altos na Ría de Vigo, por riba dos 10 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de marzo de 2017.

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de marzo, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi 0.57 °C por riba do agardado. Como se pode ver no mapa da figura 3, as zonas con temperaturas máis altas do habitual acadáronse principalmente no terzo norte da Comunidade e no interior de Lugo. No litoral oeste de A Coruña e puntos do interior, os valores estiveron no rango habitual para un mes de marzo.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de marzo respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1981-2010. As anomalías máis altas da Comunidade obtivéronse principalmente nas comarcas de A Coruña e nalgúns localidades das provincias de Lugo e Pontevedra (Táboa 1) e as máis baixas, moi distribuídas por Galicia estiveron moi preto da normalidade (Táboa 2).

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Cambre	A Coruña	1.5
Bergondo	A Coruña	1.4
Betanzos	A Coruña	1.4
Negueira de Muñiz	Lugo	1.4
Vilaboa	Pontevedra	1.3
Gondomar	Pontevedra	1.3
Lugo	Lugo	1.2
Triacastela	Lugo	1.2
Miño	A Coruña	1.2
Mondoñedo	Lugo	1.2

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de marzo de 2017.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Monforte de Lemos	Lugo	-0.3
Cuntis	Pontevedra	-0.1
Fisterra	A Coruña	-0.1
Muxía	A Coruña	-0.1
Sober	Lugo	-0.1
Pantón	Lugo	-0.1
Corcubión	A Coruña	-0.1
Nogueira de Ramuín	Ourense	-0.1
San Cristovo de Cea	Ourense	-0.1
Moraña	Pontevedra	-0.1

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de marzo de 2017.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de marzo de 2017 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Nas xornadas do 9 e o 10 tendo en conta as dúas altitudes rexistráronse as temperaturas máis altas do mes.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2017				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
10/03/2017	Remuíño	Arnoia	Ourense	31.2
10/03/2017	Ourense	Ourense	Ourense	30.3
10/03/2017	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	30.2
10/03/2017	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	29.4
10/03/2017	Lourenzá	Lourenzá	Lugo	29.1
10/03/2017	Vilamor	Mondoñedo	Lugo	29.1
10/03/2017	Prado	Castrelo de Miño	Ourense	29.1
09/03/2017	Areas	Tui	Pontevedra	28.5
09/03/2017	Pontevedra-Campolongo	Pontevedra	Pontevedra	28.4
09/03/2017	San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	28.2

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2017 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2017				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
09/03/2017	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	24.2
09/03/2017	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	23.8
09/03/2017	Xurés	Muiños	Ourense	22.4
10/03/2017	Corzos	A Veiga	Ourense	22.3
10/03/2017	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	22.1
08/03/2017	Xurés	Muiños	Ourense	21.8
09/03/2017	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	21.6
09/03/2017	Ancares	Cervantes	Lugo	21.3
10/03/2017	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	21.2
09/03/2017	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	20.9

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2017 a altitude marzo de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de marzo de 2017 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As xornadas do 23 e 24 de marzo foron as máis frías do mes, con temperaturas moi por debaixo dos 0 °C.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2017				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
24/03/2017	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-9.0
23/03/2017	Xares	A Veiga	Ourense	-7.8
24/03/2017	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-7.7
24/03/2017	Ancares	Cervantes	Lugo	-6.0
24/03/2017	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-5.9
24/03/2017	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-5.3
23/03/2017	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	-5.2
24/03/2017	Corzos	A Veiga	Ourense	-5.1
24/03/2017	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	-5.1
24/03/2017	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-4.7

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2017 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2017				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
23/03/2017	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-5.3
23/03/2017	Baltar	Baltar	Ourense	-3.7
24/03/2017	Ventosa	Navia de Suarna	Lugo	-3.4
24/03/2017	Riós	Riós	Ourense	-3.0
23/03/2017	Entrimo	Entrimo	Ourense	-2.9
22/03/2017	Serra do Faro	Rodeiro	Pontevedra	-2.8
25/03/2017	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	-2.5
24/03/2017	Abradelo	Samos	Lugo	-2.3
23/03/2017	Alto de Cerredo	A Fonsagrada	Lugo	-2.3
23/03/2017	Alto do Rodicio	Maceda	Ourense	-2.2

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2017 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2017.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2017 para esta serie foi 11.5 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2017 para marzo.

A anomalía media da temperatura para este mes de marzo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 0.62 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como cálido, o primeiro mes de marzo cunha anomalía positiva dende 2012.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en marzo, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións estiveron principalmente concentradas nos primeiros e derradeiros días do mes co paso de sistemas frontais moi activos. Concretamente, os días 3, 22 e 23 foron nos que en xeral se rexistraron os maiores valores.

A chuvia media no mes de marzo obtida a partir dos valores do mapa foi de 125 L/m². Os valores máis altos, por riba dos 200 l/m², acadáronse no interior e norte de Pontevedra e no suroeste de A Coruña. Os valores máis baixos no leste de Ourense e en Verín, con valores inferiores aos 40 L/m².

6.1. Precipitación acumulada mensual marzo 2017




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de marzo de 2017.

6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pode verse o porcentaxe de precipitación no mes de marzo con respecto a os valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 6 % superior ao período de referencia 1981-2010, segundo os valores do mapa. As porcentaxes máis altas déronse na metade norte da Comunidade e no litoral de Pontevedra. No entorno de A Coruña e Ferrol as precipitacións foron máis dun 40% por riba do habitual , En zonas do sur de Lugo e na maior parte da provincia de Ourense as chuvias foron inferiores as normais. No leste de Ourense en máis dun 20% por debaixo do agardado.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de marzo de 2017.

6.3. Días de chuva en marzo de 2017

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m^2) foi de 13.5. Os valores máximos obtivéronse na Costa da Morte, onde se rexistraron valores próximos aos 19 días de chuva. Os valores máis baixos, en case toda a provincia de Ourense, acadaron aínda así valores mínimo de case 8 días.




Figura 10: Días de chuva superior a 1 L/m^2 durante o mes de marzo de 2017.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de marzo. As cantidades maiores de precipitación acumulada estiveron principalmente nas Rías Baixas, mentres que os valores máis altos superaron os 40 L/m².

Precipitacións acumuladas máximas en marzo de 2017			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Muralla	Lousame	A Coruña	294
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	256
Castrove	Poio	Pontevedra	243
Cespón	Boiro	A Coruña	242
Paramos	Val do Dubra	A Coruña	238
Labrada	Abadín	Lugo	236
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	222
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	221
Coto Muiño	Zas	A Coruña	218
Lesende	Lousame	A Coruña	214

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de marzo de 2017.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	67	01/03/2017 08:40
Costa	ROIS	A Coruña	53	30/03/2017 14:40
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	50	03/03/2017 03:50
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	48	01/03/2017 02:40
Pazo de Galegos	VEDRA	A Coruña	47	30/03/2017 16:40
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	46	30/03/2017 13:40
Lesende	LOUSAME	A Coruña	46	30/03/2017 13:50
Castrove	POIO	Pontevedra	43	04/03/2017 19:50
Ponte Caldelas	PONTE CALDELAS	Pontevedra	43	03/03/2017 03:20
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	43	02/03/2017 13:10

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de marzo de 2017.

6.4. Evolución da precipitación en marzo de 2017

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2017, para esta serie, foi 120 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2017 para marzo.

A anomalía media das precipitacións para este mes de marzo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativa, foi dun 19% por enriba do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como húmido, aínda que en menor medida que en 2016, onde estivo un 80% por riba do agardado.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en marzo, respecto ó período 1981-2010.

7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse os días nos que houbo estacións que rexistraron refachos máximos superiores aos 100 km/h. Foron poucos os días nos que se superou este limiar. Nas táboas das rosas dos ventos destaca a baixa porcentaxe de calmas, con excepción da estación meteorolóxica de Gandarela.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en marzo				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
30/03/2017	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	117.3
14/03/2017	Xares	A Veiga	Ourense	109.5
12/03/2017	Courel	Folgozo	Lugo	101.6
26/03/2017	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	101.3

Táboa 10: Refachos máximos de vento por enriba dos 100km/h en marzo de 2017.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	98.4	SO	9	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Lira (10156) # 03/2017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Lira (10156) # 03/2017</p>
		Día 14				
Pta. Candieira	Cedeira	117.3	SO	5	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Punta Candieira (10882) # 03/2017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Punta Candieira (10882) # 03/2017</p>
		Día 30				









PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Malpica	Malpica	92.4	O	2		
		Día 22				
Marco da Curra	Monfero	78.4	SO	5		
		Día 30				

Táboa 11: Resumo do vento no mes de Marzo de 2017 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	94.2	S	6		
		Día 4				
Ancares	Cervantes	88.7	S	9		
		Día 13				

Táboa 12: Resumo vento no mes de Marzo de 2017 na provincia de Lugo





PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	81.8	E	6		
		Día 22				
Rodicio	Maceda	78.3	SO	8		
		Día 13				
Gandarela	Celanova	56.9	NO	28		
		Día 30				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de Marzo de 2017 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	73.5	S	9		
		Día 30				




PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ons	Bueu	95.0	NE	5		
		Día 22				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de marzo de 2017 na provincia de Pontevedra.

8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual



655 780 905 1031

Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de marzo de 2017.

8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de marzo 1019 raios en Galicia principalmente na segunda quincena do mes, (figura 15). Por provincias, Ourense rexistrou a menor cantidade de datos (figura 16).




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en Marzo de 2017.




Figura 16: Número de raios por provincia detectados en Galicia en Marzo de 2017.



Na figura 17, pódese ver o total de raios rexistrados en marzo en Galicia dende o ano 2010 ao 2017. Nesta gráfica pódese observar que 2017 rexistrou o maior número de raios dende 2010 contrastando por exemplo con 2015 que tan só rexistrou 16 raios no mes de marzo.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en marzo dende 2010 a 2017.

MeteoGalicia
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2017 Mes: 3

Provincia Estación	T ^a C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada		
Pontevedra																										
*A Armenteira	10.7	15.41	24.1	9	6.6	0.3	23	200	38.0	3	130	82	95	61	41	152	1221	8	56	30	-	-	-	17	0	
A Granxa	11.6	18.22	27.6	10	6.0	0.7	25	149	38.0	3	73	80	97	50	46	170	1265	4	51	30	1015	-	-	17	0	
A Lanzada	12.4	16.79	24.3	17	8.6	1.7	23	121	28.2	3	40	80	93	61	51	187	1341	18	66	2	-	-	-	17	0	
*Areas	12.2	18.82	28.5	9	7.5	1.7	23	139	31.6	3	-	79	95	53	-	-	-	1	34	30	-	-	-	16	0	
*Areiro	12.3	17.08	24.4	10	8.4	1.9	23	138	39.9	3	-	77	91	56	-	-	-	4	42	13	1010	-	-	14	0	
*As Eiras	12.3	17.7	26.6	15	8.1	1.7	24	155	35.0	3	77	78	94	54	42	156	1262	4	45	22	1013	-	-	16	0	
*Barrantes	11.9	16.87	24.8	10	7.5	1.0	23	147	36.1	3	73	80	95	58	47	174	1267	5	44	5	-	-	-	16	0	
Caldas de Reis	11.1	16.05	25.7	10	7.6	1.3	23	176	35.3	3	-	70	90	43	42	155	1215	-	-	-	987	-	-	17	0	
*Camanzo	11.1	16.54	27.0	10	6.5	0.3	23	142	24.0	31	68	80	95	58	44	163	1243	7	62	30	995	-	-	15	0	
Cangas-Porto	13.1	16.53	24.4	9	10.1	4.2	22	98	29.6	3	-	71	86	52	-	-	-	10	65	30	-	-	-	17	0	
Castro Vicaludo	10.5	13.9	23.3	9	7.7	1.1	22	148	40.2	3	70	78	90	62	46	168	1280	19	75	30	963	-	-	17	0	
Castrove	10.6	14.71	24.9	10	7.4	-0.1	23	243	38.2	3	173	78	91	61	36	133	1112	11	74	13	968	-	-	17	1	
*Cequeliños	11.7	18.07	28.2	10	7.1	1.4	23	106	28.0	3	20	76	94	49	48	177	1301	9	56	30	-	-	-	13	0	
Corón	12.7	16.26	23.0	9	9.7	3.6	22	133	24.8	3	44	75	89	55	50	183	1371	17	72	13	1017	-	-	16	0	
*Entenza	11.9	18.23	27.5	10	7.2	0.3	23	113	28.0	3	41	80	96	54	40	148	1185	2	46	13	-	-	-	17	0	
Fornelos de Montes	9.5	13.25	23.5	10	6.3	-0.9	23	221	45.4	3	139	77	89	58	42	154	1147	19	73	30	937	-	-	19	2	
Illas Cíes	12.9	16.13	22.7	9	10.4	3.9	23	98	24.4	3	16	80	92	65	52	190	1400	14	98	22	-	-	-	17	0	
*Louredo	11.1	16.26	26.2	10	7.2	0.5	23	142	36.6	3	-	81	94	59	-	-	-	3	39	16	990	-	-	15	0	
Lourizán	12.6	17.88	25.5	10	8.3	1.9	23	139	30.0	3	66	81	96	58	42	154	1241	4	63	22	1013	-	-	16	0	
*Meder	12.1	17.86	27.5	10	7.7	0.6	23	128	30.4	3	-	73	89	49	-	-	-	3	38	30	1002	-	-	17	0	
Monte Aloia	10.3	15.25	25.4	9	6.8	-0.2	23	154	29.7	3	--	83	94	65	--	--	1194	9	62	30	963	-	-	17	1	
Mouriscade	8.9	15.39	26.6	10	3.3	-1.4	25	106	20.0	22	33	82	93	65	49	179	1342	8	62	30	960	-	-	14	7	
O Viso	11.5	17.78	27.7	10	7.4	0.4	23	125	29.7	3	46	77	91	54	46	169	1222	11	64	31	987	-	-	15	0	
Ons	12.2	15.43	23.3	9	9.6	4.3	22	91	19.6	3	7	80	93	63	54	198	1468	22	95	22	1005	-	-	17	0	
*Pé Redondo	12.4	17.12	25.7	10	8.8	2.4	23	180	39.4	3	109	79	92	58	43	157	1178	4	54	30	-	-	-	17	0	
Pereira	8.5	13	24.1	10	5.0	-1.4	22	200	29.8	3	-	82	95	61	48	178	1345	-	-	-	936	-	-	19	3	
*Ponte Caldelas	10.8	15.52	25.2	10	6.8	-0.3	23	180	38.3	3	102	74	88	55	45	164	1232	6	56	30	977	-	-	16	1	
Pontevedra-Campolongo	13.0	19.11	28.4	9	8.4	2.7	23	141	28.5	3	-	73	91	49	-	-	-	3	48	31	-	-	-	16	0	
Queimadelos	11.5	16.92	27.2	10	7.6	0.5	23	164	39.6	3	102	77	90	58	29	108	1013	3	43	22	976	-	-	16	0	
Rebordelo	10.2	15.86	26.0	10	5.0	-1.0	23	195	33.5	3	-	80	96	55	44	162	1231	-	-	-	977	-	-	17	2	
Sanxenxo	12.8	17.35	25.6	9	9.1	3.6	23	140	32.2	3	62	74	90	54	45	164	1263	6	54	3	1015	-	-	17	0	
Serra do Faro	7.3	11.25	22.3	10	4.0	-2.8	22	113	18.9	22	42	78	90	59	46	168	1228	22	87	30	905	-	-	17	5	
*Simes	12.2	17.34	26.2	10	7.7	1.6	23	130	27.1	3	53	78	93	56	45	166	1299	2	40	14	-	-	-	17	0	
*Soutomaior	11.9	17.02	25.9	9	8.2	1.0	23	116	30.0	3	-	70	83	49	-	-	-	3	45	6	999	-	-	14	0	
*Torrequeintás	12.4	17.24	25.1	10	8.3	1.9	23	155	32.6	3	72	71	85	50	46	169	1256	6	58	30	1011	-	-	17	0	
*Tremoedo	12.4	16.89	24.8	10	8.7	1.7	23	147	39.9	3	-	72	85	52	-	-	-	5	46	13	1011	-	-	15	0	
Vigo	12.9	17.63	26.3	10	9.3	2.8	23	104	36.2	3	-	73	88	52	-	-	-	-	-	-	-	-	-	16	0	
Vigo-Campus	10.9	14.29	23.7	9	8.3	1.6	22	171	41.6	3	87	74	88	55	48	177	1329	10	66	30	965	-	-	15	0	

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2017 Mes: 3

Provincia Estación	T ^o C	T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada
Xesteiras	8.4	11.82	21.7	10	5.5	-0.9	23	255	44.7	1	-	81	93	62	-	-	-	27	94	30	-	20	2

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.